

# **PLAN DE ACTIVIDADES 2020**

## **A AXENDA 2030, UN RETO LOCAL NUN MUNDO EN TRANSFORMACIÓN**

**FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E  
SOLIDARIEDADE**



# ÍNDICE

1. PLAN DE FORTALECEMENTO E ACCIÓN INSTITUCIONAL
2. PLAN SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN
3. PLAN PROXECTOS DE COOPERACIÓN
4. ORZAMENTO

# 1. PLAN DE FORTALECIMENTO E ACCIÓN INSTITUCIONAL

## ➤ OBXECTIVOS A TRABALLAR

OBXECTIVO 1: INCREMENTAR A BASE ASOCIATIVA E A SÚA IMPLICACIÓN EN MATERIA DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

OBXECTIVO 2: VISIBILIZAR E FOMENTAR OS PROCESOS DE TRANSPARENCIA DA ASOCIACIÓN

OBXECTIVO 3: FOMENTO DE ALIANZAS ESTRATÉXICAS

## ACTIVIDADES RELACIONADAS CO OBXECTIVO 1: INCREMENTAR A BASE ASOCIATIVA E A SÚA IMPLICACIÓN EN MATERIA DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

### 🚧 LIÑA DE ACCIÓN 1.1: CONSEGUIR UN MAIOR NÚMERO DE ENTIDADES SOCIAS

#### ACTIVIDADE 1.1.1: Campaña de captación de entidades socias

Para o 2020 propónse continuar co achegamento a administracións locais que aínda non forman parte da nosa rede. Tal e como se viña facendo, farase envío de información aos concellos galegos, ademais de manter reunións presenciais con diferentes administracións locais potencialmente interesadas en recibir a información ou en asociarse.

Para dar a benvida e animar a participar ás novas entidades socias que entren a formar parte da asociación no 2020, ofreceráselles unha actuación de contacontos da compañía A Tropa de Trapo, que levan xa 10 anos traballando os valores da solidariedade da man do Fondo Galego.

As accións concretaríanse en:

- Reunións presenciais con diferentes Concellos
- Reunións con representantes dos principais partidos políticos con presenza municipal
- Contacontos de benvida para as entidades que se asocien nesta anualidade

Orzamento: 2.150€

- Contratación da compañía Tropa de Trapo para 5 actuacións: 2.150€

### 🚧 LIÑA DE ACCIÓN 1.2: REVISIÓN DO SISTEMA DE CÁLCULO DE COTAS PARA ACHEGARNOS AO 0,7 QUE MARCA A ONU

#### ACTIVIDADE 1.2.1: Actualización do sistema de cálculo de cotas

Actualmente o sistema de cotas do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade vén determinada pola resolución adoptada pola Asemblea Xeral reunida en sesión ordinaria o día 26 de xuño de 2009. Se ben foi unha solución óptima para o esclarecemento das cotas mínimas que lle correspondía aboar a cada entidade socia, presenta algunhas peculiaridades que cómpre sinalar: a fórmula empregada actualmente para o cálculo das cotas é unha fórmula complexa da que non todas as entidades socias son coñecedoras; provoca iniquidade, en termos económicos, entre os concellos de maior e menor número de habitantes; a media

da achega que os concellos socios fan en concepto de cota ao Fondo Galego é de 0,11€/habitante ao ano.

Dados os límites derivados do vixente sistema de cálculo de cotas propónse a aplicación dun novo sistema, baseándonos, para iso, nos seguintes principios:

- Procurar unha **maior implicación dos concellos e deputacións socias**. Tras 10 anos de aplicación do sistema de cálculo de cotas actual, as administracións locais socias do Fondo Galego deben dar un paso máis alá para afondar tamén no compromiso coa cooperación ao desenvolvemento.
- **A proporcionalidade do esforzo**. O sistema de cotas mínimas deberá perseguir a maior equidade posible nas achegas realizadas polas entidades socias, tendo en conta que ata o de agora o maior esforzo recaeu nos concellos de menor número de habitantes.
- Durante 18 anos o Fondo Galego desenvolveu actividades e proxectos concretos de **sensibilización** ou educación para a cidadanía global, co obxectivo de gañar en comprensión e complicidade das administracións locais galegas na xestión da cooperación municipalista. Porén, é hora de recoller os froitos. Unha maior implicación pasa tamén por un compromiso máis forte en termos económicos.
- **Simplificar o sistema de cotas** para que sexa máis sinxelo de entender e calcular, gañando así en transparencia.
- **Adaptarnos ao novos tempos**. O mundo globalizado e interconectado afronta graves crises a nivel económico, humanitario e social, polo que se fai necesario unha maior implicación e compromiso de todas as persoas e administracións, nas que se inclúen as administracións locais.
- **Sustentabilidade do Fondo Galego**. A nosa asociación municipalista debe aspirar a realizar un maior número de proxectos e actividades, tamén en termos cualitativos, asegurando a súa sustentabilidade.
- A ONU, coa aprobación dos 17 **Obxectivos do Desenvolvemento Sostible**, a cumprir no 2030, pon o foco nas administracións locais, xa que só grazas a elas estes obxectivos poderán ser acadados. Por seren as administracións máis próximas á cidadanía e máis coñecedoras dos problemas da súa contorna e poboación, as administracións locais son os principais axentes para contribuír á erradicación das desigualdades, aquí e alá.

Orzamento: Incluído en gastos de persoal

## **ACTIVIDADES RELACIONADAS CO OBXECTIVO 2: VISIBILIZAR E FOMENTAR OS PROCESOS DE TRANSPARENCIA DA ASOCIACIÓN**

### **LIÑA DE ACCIÓN 2.2: REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DOS ESTATUTOS TENDO EN CONTA A LINGUAXE INCLUSIVA E O NOVO CONTEXTO GLOBAL**

#### **ACTIVIDADE 2.2.1: Revisión e modificación estatutaria**

Será realizada unha revisión dos estatutos da asociación, co fin, non só de adaptalos para que o Fondo Galego poida optar ao rango de entidade de utilidade pública, senón tamén para incorporar a linguaxe inclusiva e actualizar os termos referentes ao eido da cooperación ao desenvolvemento. Así mesmo, adaptaranse aqueles apartados que sexan precisos para

mellorar na transparencia e xestión da asociación.

Orzamento: 17,89€

- Taxa administrativa: 17,89€

### **LIÑA DE ACCIÓN 2.3: FACILITAR A CONSULTA DE INFORMACIÓN ÁS ENTIDADES SOCIAS, ASÍ COMO Á CIDADANÍA EN XERAL**

#### **ACTIVIDADE 2.3.1: Xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria.**

A Rede Municipalista Solidaria está conformada polas representantes técnicas e políticas dos nosos concellos e deputacións socias do Fondo Galego. Constitúe a ligazón entre a Secretaría técnica do Fondo Galego e as entidades socias.

Durante o 2020 haberá unha convocatoria da Rede Municipalista Solidaria, no primeiro semestre do ano. Haberá unha reunión a nivel provincial para facilitar a participación.

O obxectivo será promover a participación na elaboración das liñas estratéxicas para o período 2020-2023 e o plan de actividades 2020.

Orzamento: 348,12€

- Desprazamentos: 211,22€
- Petiscos: 136,90€

#### **ACTIVIDADE 2.3.2: Asemblea Xeral de entidades socias**

No ano 2020 contaremos con dúas convocatorias de Asemblea. A primeira delas terá lugar no mes de marzo, e terá como obxecto a aprobación das Liñas Estratéxicas 2020-2023, o plan de actividades e orzamento 2020 e a memoria de actividades e balance económico 2019, entre outras cuestións. A segunda Asemblea será convocada en torno ao mes de xuño, para ratificar a resolución da convocatoria de proxectos para ONGD e someter a probación o novo sistema de cálculo de cotas, alén doutros asuntos que poidan ser abordados. Nesta segunda Asemblea serán convidadas a participar representantes das ONGD que reciban financiamento a través da convocatoria, para presentar os proxectos a financiar.

Orzamento: 250€

- Petiscos: 250€

#### **ACTIVIDADE 2.3.3: Nova páxina web**

Tras as últimas mudanzas no seo do Fondo Galego e en sintonía coas novas tendencias na comunicación dixital, cómpre unha completa revisión do portal [www.fondogalego.org](http://www.fondogalego.org), de xeito que as e os internautas poidan acceder de forma rápida e intuitiva aos contidos desde calquera dispositivo, incluíndo algúns aspectos de relevancia coma o portal de transparencia. Durante o 2019 foi elaborado o esquema da páxina web e realizáronse os primeiros traballos de deseño, quedando para esta anualidade a elaboración na nova páxina web e a subida dos contidos. O obxectivo é contribuír á visibilización do traballo do Fondo Galego ao longo dos case 25 anos de contribución á cooperación ao desenvolvemento impulsada desde o municipalismo galego, así como mellorar na visibilización da transparencia na asociación.

Orzamento: 1.700€

- Dominios: 300€
- Elaboración dunha nova páxina web: 1.400€

## ACTIVIDADES RELACIONADAS CO OBEXECTIVO 3: FOMENTO DE ALIANZAS ESTRATÉXICAS

### LIÑA DE ACCIÓN 3.1: POTENCIAR O TRABALLO CONXUNTO CON ENTIDADES GALEGAS COMO XUNTA DE GALICIA, IGADI, FEGAMP, MANCOMUNIDADES, COORDINADORA DE ONGD, PARTIDOS POLÍTICOS

#### **ACTIVIDADE 3.1.1: Xuntanza coa Coordinadora Galega de ONGD**

No primeiro semestre do 2020 será preparada a convocatoria de proxectos para ONGD galegas ou con delegación en Galicia, para ser aberta, previsiblemente, a finais de ano ou cando o contexto internacional derivado da crise do COVID19 o permita. Aproveitando este acontecemento, terá lugar unha reunión con representantes da Xunta Directiva da Coordinadora Galega de ONGD, como vén sendo habitual, para tratar cuestións relativas á convocatoria, mais tamén para remarcar a postura de colaboración que manteñen ambas entidades.

Orzamento: incluído en gastos de representación

### LIÑA DE ACCIÓN 3.2: FOMENTAR A PARTICIPACIÓN NA CONFEDERACIÓN DE FONDOS

#### **ACTIVIDADE 3.2.1: Participación na Confederación de Fondos**

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade pasou a ocupar a Vicepresidencia da Confederación de Fondos o 19 de febreiro de 2020. Tal e como foi planificado, no pasado mandato o Fondo Galego adoptou un papel activo e conciliador dentro da Confederación, recuperando a capacidade de iniciativa e discurso. A unión e traballo conxunto dos nove Fondos existentes a nivel estatal resulta crucial para a defensa da cooperación municipalista.

Orzamento: 3.500€

- Cota 2020: 2.500€
- Desprazamento e manutención a actividades da Confederación: 1.000€

### LIÑA DE ACCIÓN 3.3: IMPULSO DA REDE DE AUTORIDADES LOCAIS DA LUSOFONÍA POLOS ODS

#### **ACTIVIDADE 3.3.1: Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS: memorando de entendemento, base de datos a asistencia ao II Foro en Lisboa**

En novembro de 2019 tiña lugar o Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía polos ODS, que reuniu a representantes dos gobernos locais e rexionais de Mozambique, Cabo Verde, Guinea Bissau, Angola, Portugal, Santo Tomé e Príncipe e Galicia. Froito deste encontro emanaron dúas propostas: Realización do Foro anualmente, quedando fixada a cidade de Lisboa para o 2020 (último trimestre) e elaboración dun memorando de entendemento a asinar entre as partes participantes. En función da evolución da crise do COVID 19 a nivel internacional o Foro de Lisboa podería quedar adiado para o ano 2021.

Orzamento: 1.500€

- Viaxe e estancia en Lisboa para tres persoas representantes do Fondo Galego: 1.500€

## 2. PLAN DE SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN 2020

### ➤ OBXECTIVO E ACTIVIDADES

OBXECTIVO 4: FORMAR, INFORMAR E VISIBILIZAR SOBRE TEMAS DE SOLIDARIEDADE, DEREITOS HUMANOS E ODS ÁS ADMINISTRACIÓN S LOCAIS GALEGAS

### ACTIVIDADES RELACIONADAS CO OBXECTIVO 4: FORMAR, INFORMAR E VISIBILIZAR SOBRE TEMAS DE SOLIDARIEDADE, DEREITOS HUMANOS E ODS ÁS ADMINISTRACIÓN S LOCAIS GALEGAS

#### 🚧 LIÑA DE ACCIÓN 4.1: DESEÑO DE ACTIVIDADES EN CONSONANCIA COAS ÁREAS COMPETENCIAIS E PREOCUPACIÓN S DO MUNICIPALISMO GALEGO

##### **ACTIVIDADE 4.1.1: Apoio a Concellos para elaboración de Plans de Implementación dos ODS a nivel local**

Na liña de afondar no apoio aos Concellos socios do Fondo Galego interesados en implementar as metas establecidas polos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible fixados pola ONU no ano 2015, propónse para esta anualidade o apoio especializado e individualizado ata 3 concellos para a elaboración do seu propio Plan de implementación. Para iso contárase coa contratación dunha consultora especializada con experiencia no sector. A consultora deberá facer un diagnóstico inicial, e a elaboración do propio plan, contando coa participación dos principais axentes identificados no concello en cada unha das áreas de traballo.

Orzamento: 15.000€

- Contratación de consultora: 15.000€

##### **ACTIVIDADE 4.1.2: Visita ao Norte de representantes políticos de dous municipios de Colombia no marco do proxecto europeo “Territorios caqueteños sostibles para a paz”**

A realización desta actividade está pendente de confirmar por parte da UE, en función do contexto internacional derivado da crise do COVID19. En caso de que non puidera realizarse será adiada para o 2021.

O Fondo Galego foi convidado no 2017 a participar neste proxecto, liderado polo goberno portugués e xestionado pola entidade non lucrativa Instituto Marquês de Váll Flor, unha organización portuguesa de ampla experiencia en promoción de proxectos de desenvolvemento rural integral en países tropicais en postconflicto, e elevada capacidade técnica e administrativa. O parceiro local é a Rede Adelco, entidade que agrupa a 11 Axencias de Desenvolvemento Local en Colombia.

Para dar cumprimento ao primeiro punto dos Acordos de Paz, o Goberno Colombiano puxo en marcha instrumentos clave para a súa implementación, entre eles os Programas de Desenvolvemento con Enfoque Territorial (PDET), a través dos que identificou 167 municipios altamente afectados polo conflito armado. Baseada nesa priorización e na estreita

coordinación co Goberno Colombiano, a Cooperación Portuguesa seleccionou aos municipios de *La Montañita* e *El Paujil* (alta presenza de cultivos de uso ilícito) no *Departamento del Caquetá*. Nesta rexión estase a implementar o proxecto que busca responder aos obxectivos e enfoques do Fondo Fiduciario da UE e ás prioridades do Goberno Colombiano, definidas no Plan Marco para a implementación dos Acordos de Paz.

O Caquetá foi historicamente afectado pola guerra. Esta prosperou pola debilidade institucional, a presenza das FARC e o influxo das economías extractivas e ilegais (especialmente a coca). O obxectivo da proposta é contribuír á consolidación da paz estable e duradeira en Colombia a través do fortalecemento do desenvolvemento socioeconómico e ambiental de territorios amazónicos en postconflicto. Para iso, estase traballando sobre as capacidades locais para a produción, transformación e comercialización de cacao fino e aroma, de xeito rendible e competitivo en territorios afectados polo conflito armado, baixo un esquema de conservación do medio ambiente, a inclusión social e a promoción dunha cultura de paz e legalidade.

A Unión Europea aprobou o financiamento deste proxecto a finais do 2017. No 2020 levaranse a cabo unha das últimas actividades deste programa: a recepción por parte de concellos socios do Fondo Galego dunha delegación de Alcaldes e/ou Concelleiras/os destes dous municipios colombianos no mes de setembro.

Orzamento: 1.500€

- Desprazamentos internos e manutención: 1.000 €
- Materiais: 500,00 €

#### **ACTIVIDADE 4.1.3: Elaboración de materiais de difusión sobre os ODS**

Gran parte da poboación galega descoñece o contido da Axenda 2030 e mesmo a súa simboloxía, polo que un bo método para dala a coñecer sería deseñar materiais de difusión que poidan resultar atraentes e que incentiven a curiosidade, de xeito que a partir de aí a xente poida interesarse polos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Tal proceso xa se ten demostrado coas pulseiras e, sobre todo, os pins dos ODS que representantes políticos dos municipios socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade teñen adquirido en diferentes encontros internacionais e que despois locen na solapa. Trátase de materiais cun deseño vistoso que se enviarían aos 314 concellos de Galicia, acompañados de información sobre a Axenda 2030 e sobre o papel do municipalismo e do Fondo Galego no seu cumprimento, o que tamén pode incentivar ás administracións locais que aínda non son socias a sumárense a esta rede.

Orzamento: 1.500€

- Elaboración de 600 pins (2 €/u) = 1.200 €
- Elaboración de 600 pulseiras (0,50 €/u) = 300 €

#### **ACTIVIDADE 4.1.4: Posta en marcha dunha plataforma online de formación**

A crise do coronavirus viu a pór de manifesto a importancia das novas tecnoloxías para a comunicación e a formación. Por tanto, unha plataforma online de formación consiste nunha ferramenta con fins docentes, que permite contar cun espazo virtual no que desenvolver cursos relacionados coa nosa área de traballo, neste caso a cooperación ao desenvolvemento,



grazas ás vantaxes que nos permite Internet. Así mesmo, os cursos a distancia están tendo moito éxito polas comodidades e facilidades que permite, tanto como para o persoal docente como para o alumnado: aforro de tempo e custes, facilidade de emprego, flexibilidade do aprendizaxe, actualización dos contidos, etc.

Dado que nesta anualidade porase en marcha a nova web do Fondo Galego, aproveitaríase a ocasión para a configuración desta ferramenta formativa, que nos permita a realización de cursos sobre cooperación ao desenvolvemento, cooperación descentralizada, Obxectivos do Desenvolvemento Sostible, ou aqueles outros sobre os que as entidades socias manifesten interese.

O primeiro curso a realizar a impulsar no 2020 levaría por título “O papel clave dos municipios na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible”. Contaríase con persoas expertas na materia que impartirían as diferentes sesións. O público obxectivo sería o persoal político e técnico das administracións locais galegas.

Orzamento: 6.100€

- Instalación, configuración, deseño e programación de plataforma Moodle: 1.200€
- Mantemento mensual de plataforma Moodle (semestre): 900€
- Honorarios para formadoras/es: 4.000€

#### **LIÑA DE ACCIÓN 4.3: EMPREGANDO AS NOVAS FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN E DESEÑAR ACCIÓNS NOVIDOSAS NO EIDO DA COMUNICACIÓN**

##### **ACTIVIDADE 4.3.1: Axenda 2021**

As axendas son un material de papelería case imprescindibles para o persoal técnico e político das administracións locais. Porén, o Fondo Galego promoverá a elaboración dunha axenda propia, elaborada con materiais reciclados e na que se destaquen as datas relativas á solidariedade e Dereitos Humanos. A axenda versará sobre os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.

Orzamento: 3.000€

- Deseño e impresión da axenda de 300 unidades: 3.000€

##### **ACTIVIDADE 4.3.2: Concurso de murais “Muros que unen III”**

O concurso de murais levado a cabo o pasado ano na cidade da Coruña amosou bos resultados en canto á participación e aceptación por parte dos colectivos que promoven a arte urbana. Non cabe dúbida, ademais, de que a arte urbana é unha das ferramentas máis potentes para visibilizar determinadas situacións de inxustiza e para sensibilizar sobre as desigualdades. Polo que, co obxectivo de continuar con esta innovación e sen perder a convicción da importancia das imaxes como ferramenta sensibilizadora, para o 2020 propónse unha continuación do concurso para representar nos muros da cidade outros 4 ODS.

Orzamento: 21.000€

- Preparación das áreas a pintar (1.600€ por área aprox): 6.400€
- Premios (2000€ por premio): 8.000€
- Materiais para o pintado das obras (512,50€ por obra): 2.050€
- Grúas para pintado: 2.000€
- Deseño e impresión de materiais de difusión: 900€

- Desprazamentos, aloxamentos e manutención para xestión da actividade e pintado das obras: 1.300€
- Desprazamento e manutención para o xurado: 150€
- Difusión en redes sociais: 200€

#### **ACTIVIDADE 4.3.3: Promoción do Fondo Galego nas redes sociais**

A fin de chegar coas nosas mensaxes a un maior número de persoas, preténdese incrementar o número de persoas seguidoras nas redes sociais do Fondo Galego, concretamente en Facebook a razón de 500 por ano. Para conseguilo, alén das publicacións habituais, organizaranse sorteos e enquisas que propicien o *feedback* e que haberá que publicitar, así como promocionar o propio perfil da entidade.

Orzamento: 50€

- Promoción da páxina do Fondo Galego en Facebook: 50€

#### **ACTIVIDADE 4.3.4: Elaboración da Memoria anual**

Ao peche do exercicio, realízase a edición dixital e impresa dun completo documento que recolle a actividade realizada durante o ano no relativo ao tecido asociativo, relacións institucionais, proxectos de cooperación, accións de sensibilización, comunicación, balance económico e axenda. A Memoria distribúese entre todas as entidades socias e demais axentes do sector, entre outros.

Orzamento: 1.500€

- Deseño e impresión de memorias do Fondo Galego: 1.500€

#### **ACTIVIDADE 4.3.5: Campaña “Os municipios cooperan”**

A pandemia do COVID-19 xerou unha crise global sen precedentes en distintos ámbitos, ante a que a cooperación internacional realizada polas administracións locais corre o risco de repregarse. Unha vez superada a fase máis restritiva do estado de alarma, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade lanzará esta campaña para poñer en valor a cooperación internacional promovida polas deputacións e concellos socios e evitar que o seu compromiso diminúa cando precisamente é máis necesario.

Realizaranse tres vídeos curtos (1') protagonizados por persoal político e técnico dos concellos socios do Fondo Galego, así como polos nosos parceiros nos países empobrecidos. O Fondo Galego facilitaralles o guión así como as pautas para que realicen a gravación. As súas frases combinaranse tamén con imaxes de proxectos en terreo, o hashtag da campaña, etc.

A maiores, elaborárase un cuarto vídeo (3') no que autoridades locais do Norte e do Sur responderán a mesma batería de preguntas.

Aproveitando o audio dos vídeos, editaranse tres cuñas radiofónicas para emitir en canles de ámbito autonómico.

Ademais de difundir os audiovisuais elaborados polo Fondo Galego -que estarán tamén dispoñibles na canle de Youtube-, baixo a etiqueta #OsMunicipiosCooperan realizarase un chamado en Facebook e Twitter para que o público obxectivo da campaña participe na mesma,

comezando polo persoal político e técnico das administracións locais socias e, se cabe a posibilidade, implicando tamén a rostros coñecido.

A participación consistiría en achegar unha mensaxe co hashtag da campaña e subila ás redes sociais. O formato pode ser variado: un texto, unha pancarta, un debuxo, un selfie, un vídeo... Pero sempre engadindo a etiqueta, a poder ser tamén na propia imaxe, a xeito de cartel ou rótulo. Existe a posibilidade de empregar as frases dos propios guións dos vídeos.

Elaborarase un sinxelo cartel que inclúa o hashtag da campaña e mais os logos do Fondo Galego e da Axenda 2030. Este deseño está pensado inicialmente para a súa difusión online, pero tamén poderá ser empregado polas deputacións e concellos socios para accións offline como cartelería impresa, pancartas, publicidade en marquesiñas, etc.

O manifesto 'Cooperación contra el coronavirus' impulsado pola Confederación de Fondos de Cooperación y Solidaridad será un elemento máis da nosa campaña, xa que contribúe aos mesmos obxectivos, así como calquera outra acción promovida pola entidade de ámbito estatal na mesma liña. Está previsto procurar apoios ao documento no seo das administracións locais socias e, nunha segunda fase, abri-lo ás sinaturas da cidadanía a través de Change.org.

Será imprescindible informar aos medios de comunicación sobre o lanzamento da campaña, así como do seu progreso e resultados se se considera oportuno. Isto farase inicialmente a través do envío dunha nota de prensa, canda as oportunas fotografías e materiais de apoio. Animarase aos concellos a comunicar a súa participación a partir dos modelos facilitados.

A campaña divulgarase asemade a través das canles de difusión habituais do Fondo Galego, como son a nova web [www.fondogalego.gal](http://www.fondogalego.gal) e o boletín mensual 'O Fondo Galego informa'. Ademais, centrará o artigo de opinión sobre o ODS 17 pendente de publicar no xornal electrónico *Praza Pública* e que previsiblemente verá a luz o 25 de maio, Día de África, así como a vindeira colaboración na revista *Concellos Galegos* editada pola Fegamp.

Orzamento: 3.044,15€

- Edición dos vídeos: 744,15€
- Cuñas de radio: 2.000€
- Deseño de cartelería: 50€
- Promoción en redes: 200€
- Ferramenta de análise: 50€

### 3. PLAN ÁREA DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO 2020

#### ➤ OBXECTIVOS E ACTIVIDADES

OBXECTIVO 5: ELEVAR A COOPERACIÓN COS PAÍSES DO SUR AO EIXO CENTRAL DE ACTIVIDADE

#### ACTIVIDADES RELACIONADAS CO OBXECTIVO 5: ELEVAR A COOPERACIÓN COS PAÍSES DO SUR AO EIXO CENTRAL DE ACTIVIDADE

##### 🚧 LIÑA DE ACCIÓN 5.1: LANZAMENTO DE CONVOCATORIAS DE PROXECTOS PARA ONGD CON CARÁCTER BIANUAL

###### ACTIVIDADE 5.1.1: Convocatoria de proxectos para ONGD

Se as circunstancias o permiten, neste ano abrírase a convocatoria aberta para ONGD galegas ou con sede en Galicia. A convocatoria, prevista inicialmente para o mes de abril, houbo de ser adiada por causa da crise do coronavirus para o mes de decembro, a petición da Coordinadora galega de ONGD, coa que se mantén unha relación de coordinación para esta cuestión.

A convocatoria estará aberta no mes de decembro de 2020 e as entidades contarán con un mes de prazo para poder facer as súas solicitudes. Por tanto, a resolución da convocatoria e concesión das axudas terá lugar no primeiro trimestre do 2021.

A convocatoria estará dotada dun mínimo de 100.000€, provintes do remanente positivo do ano 2018, e a cantidade restante con cargo ao orzamento 2021. A cantidade poderá ser maior en función da dispoñibilidade de orzamento.

Orzamento: 55.676,59€

##### 🚧 LIÑA DE ACCIÓN 5.2: INCREMENTAR O FINANCIAMENTO E NÚMERO DE PROXECTOS APOIADOS ANUALMENTE DE XEITO DIRECTO, CON SOCIOS ESTRATÉXICOS DOUTROS PAÍSES CONCENTRANDO A ACTIVIDADE NOS PAÍSES ESTRATÉXICOS OU PRIORITARIOS PARA O FONDO GALEGO

###### ACTIVIDADE 5.2.1: Proxectos de cooperación directa

Dando continuidade á cooperación desenvolvida en Mozambique, propónse continuar apoiando directamente iniciativas de municipios mozambicanos, da man do parceiro local Asociación Nacional de Municipios de Mozambique. Os proxectos están enfocados a resolver necesidades básicas da poboación, dando cumprimento aos Dereitos Humanos Universais. Concretamente, serán levados a cabo dous proxectos no municipio de Namathanda, apoiado polo Fondo Galego no ano 2019 tras o paso do ciclón Idai con axuda de emerxencia. Tratando de concentrar o impacto dos proxectos impulsados, nesta anualidade implementaranse sendos proxectos nas áreas de abastecemento de auga e de electrificación. Estes proxectos contarán co financiamento dos Concellos de Narón e de Cambre.

Orzamento: 35.000€

- Proxecto abastecemento de auga en Namathanda (Mozambique): 20.000€
- Proxecto de electrificación en Namathanda (Mozambique): 15.000€

#### **ACTIVIDADE 5.2.2: Axuda Humanitaria**

Resérvase unha partida para axuda humanitaria. A partida amosa un incremento considerable ao respecto de anos anteriores, relacionado coa crise do COVID19 que se prevé que teña unha grande incidencia nos países do Sur. Por tanto, a axuda humanitaria será unha prioridade no plan de traballo da área de proxectos desta anualidade.

Orzamento: 72.896,14€

## 4. ORZAMENTO

	<b>INGRESOS</b>	<b>IMPORTE</b>
Cotas entidades socias 2020		161.129,35 €
Convenio Xunta de Galicia		60.000,00 €
Concello da Coruña		20.022,79 €
EGAP		84,00 €
Concello de Cambre		15.000,00 €
Concello de Narón		12.000,00 €
Instituto Marqués de Valle Flor		1.500,00 €
Remanente positivo do 2019		55.586,24 €
	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>325.322,38 €</b>

<b>ÁREA</b>	<b>GASTOS</b>	<b>IMPORTE</b>
<b>FUNCIONAMENTO</b>		<b>96.262,86 €</b>
	Gastos persoal (1)	51.701,49 €
	Primeiro trimestre Secretaría técnica Igadi	16.000,00 €
	Acordo de liquidación Igadi-Fondo Galego	17.500,00 €
	Correos, teléfono, internet, mensaxería, papelería, limpeza etc.	3.500,00 €
	Asesoría	2.500,00 €
	Asesoría xurídica	1.500,00 €
	Prevención riscos laborais	311,37 €
	Gastos de desprazamentos do persoal técnico ás reunións da Comisión Executiva e Asembleas Xerais	250,00 €
	Gastos de desprazamentos e manutención en concepto de representación da entidade	500,00 €
	Impostos e comisións bancarias	2.500,00 €
<b>ÁREA FORTALECEMENTO E ACCIÓN INSTITUCIONAL</b>		<b>9.466,01 €</b>
	ACTIVIDADE 1.1.1: Captación de entidades socias	2.150,00 €
	ACTIVIDADE 1.1.2: Actualización do sistema de cálculo de cotas	0,00 €
	ACTIVIDADE 2.2.1: Revisión e modificación estatutaria	17,89 €
	ACTIVIDADE 2.3.1: Xuntanzas da Rede municipalista solidaria	348,12 €
	ACTIVIDADE 2.3.2: Asemblea Xeral	250,00 €
	ACTIVIDADE 2.3.3: Nova páxina web	1.700,00 €
	ACTIVIDADE 3.1.1: Xuntanza coa Coordinadora Galega de ONGD	0,00 €
	ACTIVIDADE 3.2.1: Participación na Confederación de Fondos	3.500,00 €
	ACTIVIDADE 3.3.1: Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS: memorando de entendemento e a asistencia ao II Foro en Lisboa	1.500,00 €
<b>ÁREA SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN</b>		<b>52.790,78 €</b>
	ACTIVIDADE 4.1.1: Apoio a Concellos para elaboración de Plans de Implementación dos ODS a nivel local	15.000,00 €
	ACTIVIDADE 4.1.2: Visita de alcaldes de Colombia	1.500,00 €

ACTIVIDADE 4.1.3: Elaboración de materiais de difusión sobre os ODS	1.596,63 €
ACTIVIDADE 4.1.4: Posta en marcha dunha plataforma online de formación	6.100,00 €
ACTIVIDADE 4.3.1: Axendas 2021	3.000,00 €
ACTIVIDADE 4.3.2: Muros que Unen III	21.000,00 €
ACTIVIDADE 4.3.3: Promoción do Fondo Galego nas redes sociais	50,00 €
ACTIVIDADE 4.3.4: Elaboración da Memoria anual	1.500,00 €
ACTIVIDADE 4.3.5: Campaña “Os municipios cooperan”	3.044,15 €
<b>ÁREA PROXECTOS</b>	<b>163.802,73 €</b>
ACTIVIDADE 5.1.1: Convocatoria de proxectos para ONGD	55.676,59 €
ACTIVIDADE 5.2.1: Proxectos de cooperación directa	35.000,00 €
ACTIVIDADE 5.2.2: Axuda Humanitaria	73.126,14 €
<b>IMPREVISTOS</b>	<b>3.000,00 €</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>325.322,38 €</b>